

ASUNTO: EMISIÓN DE INFORMES

Nesta opción temos 2 posibilidades, unha a de **INFORMES DE INSCRICIÓN**, coa que sacamos o informe obrigatorio a presentar en todas as competicións, no que están todos os deportistas dados de alta en cada un dos equipos, así como os adestradores ou delegados de dito equipo. No informe soamente sairá a posibilidade de imprimir no caso de que conste de alta algún responsable (adestrador, delegado). No caso de que no equipo non teñan de alta algún responsable, non terán a opción de imprimilo.



XERACIÓN DE INFORMES PERSONALIZADOS

Aquí temos a posibilidade de sacar listados xerais tanto de DEPORTISTAS, RESPONSABLES ou EQUIPOS (picando no nº 1)



Unha vez que se elixa o tipo de listado, abranse outras pestanas nas cales se pode elixir tanto o programa, como a modalidade, categoría, subcategoría.

Exemplo de deportistas en unha modalidade como Baloncesto:

Escollemos no nº 1 a **DEPORTISTAS**, polo que se abren outras xanelas, a nº 4 e nº 5

Seleccionamos no nº 5 os datos que nos interesen do despregable ata que queden marcados en rosa, polo que damos a **APLICAR FILTRO** e despois a **XERAR INFORME**, crease un listado cos datos elixidos de todos os deportistas, neste caso que teñen de alta nese deporte na parte de abaixo da pantalla, tendo a posibilidade de pasalo a EXCEL ou imprimir directamente.

